

**OS CRUCEIROS DA TERRA CHÁ. ALGUNHAS TIPOLOXÍAS DOS
CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES DO MUNICIPIO DA
PASTORIZA.**

AUTORES: FERNANDO ARRIBAS ARIAS.

JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

MARIO SAAVEDRA PÉREZ

REFERENCIA ESENCIAL:

Libro **CATÁLOGO DE CRUCEIROS DA TERRA CHÁ. CRUCEIROS,
CRISTOS, CRUCES DA PASTORIZA.** Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2002.
Autoría.: **FERNANDO ARRIBAS ARIAS, JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO E
MARIO SAAVEDRA PÉREZ.**

I. LIMIAR

Hai unha especie de arte menor con motivos ornamentais esculpidos en sinxelos elementos arquitectónicos que non atraen a atención, e menos ánda o interese dos que se senten admirados, por crerse algo así como uns santóns do saber. No obstante tamén aquí hai moito de arte popular, fusionado coa historia relixiosa dos nosos pobos. Estas sinxelas e elementais temáticas non adoitan suxerir o entusiasmo das grandes publicación. Por isto mesmo tampoco acostuman ser temas a tratar polos devanditos estelares investigadores. Respecto a isto, referíndose ós Cruceiros, dinos *Castelao* nas “**Verbas limiares**” do seu libro “**As Cruces de Pedra na Galiza**”: “*E de súpeto descubrín nos cruceiros un aspecto da nosa arte popular non estimada como cousa importante*”. Non obstante debemos dicir que, non poucas veces, tan sinxela e elemental temática é tamén un gran libro aberto. Un libro telegráficamente escrito pero de moito contido. Tanto que é capaz de evocar e sintetizar a riqueza escultórica que ilustres Mestres programaron para outras espléndidas obras. Desentrañar este rico contido oculto en tan sinxelos elementos, é algo apaixonante para o investigador. É, como dar a luz a beleza dunha criatura, orixinariamente oculta nun embrión apenas deseñado.

Estas cruces e cruceiros evidencian o latexar relixioso do noso pobo. Moitos de nós, dende a nenez, fomos aprendendo a ser respectuosos con eses elementos artísticos. Ensináronolo os homes que xunto a eles, moi reverentes, levantaban a pucha ou o sombreiro. Fixéronolo sentir as mulleres que ó pasar ó seu lado facían o sinal da cruz. Inculcáronolo na escola, na do fogar e na parroquial. Tamén aprendemos a resaltar a súa misteriosa importancia ó ver como as comitivas fúnebres, se fronte a eles pasaban, alí se paraban para facer un máis solemne canto e unha máis fervente oración. Así mesmo caemos na conta da súa relación co templo parroquial o ver que, acabada a solemne Misa da festa patronal, vaise en ordenada procesión ata o cruceiro xirando logo arredor del para volver á igrexa e escoitaqr o “**Xa podedes irvos en paz**”.

A relixiosidade popular levounos tamén ós campos, e non poucos se alzaron entre as terras sementadas. Nestes casos certos días, liturxicamente especiais, íase ata eles en procesión. Xa xuntos ó seu carón o crego presidente bendecía os campos. Tornaban logo

os fieis á igrexa confiados na súa protección contra os malos espíritos das pestes, das tormentas, das xeadas. Aquí parece verse fusionada a función do cruceiro co sentimientos relixioso das antigas culturas, que lles chamamos pagás. Tamén eles poñían en determinados lugares cousas cargadas de *poder apotropaico*. Isto é, con poder de espantar e non deixar entrar ós malos espíritos das pestes, das enfermedades, dos inimigos...Máis sinxelas son as cruces, que recordan a aqueles que a norte alí os sorprendeu. E alí están áinda as cruces suscitando en quen as mira o interno desexo de que “*descansen en paz*”. Non poucos se encontran tamén nas encrucilladas dos camiños ou en lugares escolleitos de caminos reais, servinco á vez de petos das ánimas ou dalgún santo. O camiñante, implorando protección no camiñoo e un bo resultado no negocio polo que facía a viaxe, deixaba nel a súa esmola parea que se dixesen misas ou se fixesen outros cultos.

En definitiva, o presente volumen realizado por estes tres investigadores é un traballo minucioso e de encomiable laboriosidade.

* Extracto do Prólogo realizado por *Xaime Delgado Gómez*, -crego, escritor, profesor, e doutor en Arqueoloxía -para o libro *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, cristos, cruces de A Pastoriza.*

II. INTRODUCCIÓN.

Cando facíamos o traballo de campo, observamos que as xentes deste concello distingúan entre cruceiro e cristo, aplicando esta última denominación a un tipo de cruceiro de menor tamaño, cun varal e capitel menos traballado (cando o presentan) pero co relevo ou efixie de Cristo, característica que os distingue das cruces. Estes cristos poden ser de tres tipos:

- 1º.- Os que semellan rústicos cruceiros (como o de Amorás, Froilán, etc.).
- 2º.- Os que non teñen fuste nin capitel (como o da igrexa, do cimenterio, do Chivadoiro, etc.).
- 3º.- Os que aparecen baixo unha cuberta (como o de Afoz e D. Diego). Varios destes cristos (Foxo, Caaveira, Arandal, Romeiro, Centro de Saúde, Alto das Fontelas, Antigas...) presentan características moi semellantes (base troncopiramidal; fuste e

capitel dunha soa peza; relevo de Cristo, etc.) . Isto levanos a supoñer que foron construidos pola mesma man ou que un deles serviu de modelo para os demais.

Polo que respecta aos cruceiros, hai que dicir que non teñen diferencias acusadas cos do resto da comarca chairega, agás o detalle de que nos instrumentos da paixón, que aparecen no fuste de varios deles, non figura a lanza.

III. LOCALIZACIÓN DO MUNICIPIO DE A PASTORIZA.

A Pastoriza é un municipio do interior da provincia de Lugo, que ocupa unha superficie de 175,03 km² e posúe unha poboación, segundo o I.G.E.¹ do ano 2019, de 3.002 habitantes (1,513 homes e 1.489 mulleres), distribuída en 19 parroquias². As súas principais entidades de poboación son A Pastoriza, capital municipal (162 habitantes) e Bretoña (241 habitantes). Limita polo Norte co municipio de Mondoñedo; ao W., cos de Abadín, Cospeito e Castro de Rei; ao Sur, cos de Castro de Rei e Pol; e ao Leste, cos de Riotorto e Meira . Está comunicado pola estrada N-640, que atravesa o termo municipal polo SE. Esta enlaza na parroquia de Pousada coa estrada provincial LU-124, que comunica o termo municipal de Sur a Norte, pasando polas entidades de poboación de A Pastoriza e Bretoña, e accedendo logo a Lourenzá pola Cruz da Cnacela..

Por outra banda, este municipio está situado no extremo nororiental da Comarca da Terra Cha , que ocupa a parte Centro- Norte da provincia de Lugo. Esta ten unha poboación, segundo o I.G.E. do 2019, de 39.935 habitantes, e ocupa unha extensión de 1822, 75 km² sendo considerada a comarca más extensa e chá de Galicia. Abrangue, ademáis deste municipio, aos de Abadín; Begonte; Castro de Rei; Cospeito;Guitiriz; Muras; Xermade e Vilalba.

1 Instituto Galego de Estadística.

2 Parroquias de AGUARDA, ÁLVARE, BALTAR, BRETOÑA, CADAVEDO, CORVELLE, CRECENTE, FONMIÑÁ, GUEIMONDE, LAGOA, LOBOSO, A PASTORIZA, PIÑEIRO, POUSADA, SALDANXE, SANTIAGO DE REIGOSA, S. VICENTE DE REIGOSA, ÚBEDA, VIÁN

IV. CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES DE A PASTORIZA.TABOAS EXPLICATIVAS.


MUNICIPIO DA PASTORIZA			
CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES			
PARROQUIAS	CRUCEIROS	CRISTOS	CRUCES
AGUARDA	1		
ÁLVARE			1
BALTAR			1
BRETOÑA	2	7	1
CADAVEDO	1	3	
CORVELLE	1	1	3
CRECENTE			
FOMIÑÁ	1		
GUEIMONDE			
LAGOA	2	6	2
LOBOSO		1	
A PASTORIZA	1		1
PIÑEIRO			
POUSADA	4	1	1
SALDANXE			
SANTIAGO DE REIGOSA	2	2	
S. VICENTE DE REIGOSA	5	2	
ÚBEDA		3	
VIÁN	3	2	1

--	--	--	--


MUNICIPIO DA PASTORIZA			
CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES DESAPARECIDOS			
PARROQUIAS	CRUCEIROS	CRISTOS	CRUCES
AGUARDA			
ÁLVARE			
BALTAR			1
BRETOÑA			2
CADAVEDO		1	
CORVELLE			5
CRECENTE	1		
FOMIÑÁ			1
GUEIMONDE			
LAGOA		2	
LOBOSO			1
A PASTORIZA			
PIÑEIRO			
POUSADA	1		
SALDANXE			1
SANTIAGO DE REIGOSA			
S. VICENTE DE REIGOSA	1	1	1
ÚBEDA			
VIÁN			

V. MAPAS DE LOCALIZACIÓN

LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA
DO CONCELLO DA PASTORIZA



CONCELLO DA PASTORIZA




SIMBOLOXÍA

- ▼ CRISTOS
- + CRUCEIROS

LOCALIZACIÓN NUMÉRICA DAS PARROQUIAS

1 CADAVEDO	11 AGUARDA
2 LAGOA	12 ÁLVARE
3 BRETOÑA	13 SALDANXE
4 ÚBEDA	14 GUEIMONDE
5 LOBOSO	15 CRECENTE
6 VIÁN	16 BALTAR
7 A PASTORIZA	17 PIÑEIRO
8 REIGOSA (S. VICENTE) - A REGUEIRA	18 POUSADA
9 REIGOSA (SANTIAGO)	19 FOMIÑÁ
10 CORVELLE	

CONCELLO DA PASTORIZA
CRISTOS, CRUCEIROS E CRUCES DESAPARECIDOS



SIMBOLOXÍA

- ▼ CRISTOS
- + CRUCEIROS
- CRUCES

LOCALIZACIÓN NUMÉRICA DAS PARROQUIAS

1 CADAVEDO	11 AGUARDA
2 LAGOA	12 ÁLVARE
3 BRETOÑA	13 SALDANXE
4 ÚBEDA	14 GUEIMONDE
5 LOBOSO	15 CRECENTE
6 VIÁN	16 BALTAR
7 A PASTORIZA	17 PIÑEIRO
8 REIGOSA (S. VICENTE) - A REGUEIRA	18 POUSADA
9 REIGOSA (SANTIAGO)	19 FOMIÑÁ
10 CORVELLE	

VI. ALGUNHAS TIPOLOXÍAS DOS CRUCEIROS DO MUNICIPIO DE A PASTORIZA.

Imos facer un breve resumo dos cruceiros deste municipio atendendo a unha serie de aspectos: a situación que ocupan; a propiedade; en canto aos distintos elementos da súa composición: plataforma, base, fuste, capitel e cruz; a datación destes; en relación ás persoas ligadas coa súa construción; aos motivos explícitos da súa feitura; con respecto a aqueles, que posúen restos de policromía; tamén, en canto aos materiais, que se empregan na súa construcción.

1. A SITUACIÓN.

En relación á situación encontramos seis cristas, tres cruceiros, e unha cruz nun cruzamento de viarios³. Dez cristas, oito cruceiros, e tres cruces ao carón dun viario⁴. Dous cristas e dous cruceiros no adro da igrexa⁵. Once cristas, nove cruceiros, e tres

3 Cristos do Arandal (Bretoña), de Afoz (Bretoña), da Igrexa (Cadavedo), de Rigueiro (Lagoa), de Marquide (S. Vicente de Reigosa. A Regueira) e dos Viás (Vián); cruceiros de Vilagromar (Pousada), do Vilar (Pousada) e de Carballo (Santiago de Reigosa). Cruz de Freixide (Vián)

4 Cristos do Foxo (Bretoña), de Caaveira (Bretoña), do Romeiro (Bretoña), de Froilán (Lagoa), do Chivadoiro (Lagoa), de Gómez (Lagoa), do Salvador (Pousada), de Andrés (Santiago de Reigosa), de Rigueiro de Maneche (Santiago de Reigosa) e de D. Diego (Úbeda); cruceiros do Pontigo (Aguarda), de Fomiñá (Fomiñá), do Cándido (Lagoa), de Pirís (Lagoa), de Teixeiro (S. Vicente de Reigosa. A Regueira), do Carrizal (S. Vicente de Reigosa. A Regueira) e do Caxigo (Vián). Cruz da Veiga de Magarín (Álvare). Cruz de Dadolo (Lagoa). Cruz de Canedo (Pousada).

5 Cristos de Amorás (Loboso) e da Igrexa (Vián); cruceiros da Igrexa (A Regueira) e (Vián).

cruces no interior dunha propiedade⁶. Un cristo e un cruceiro na vila de Bretoña⁷. Un cruceiro e unha cruz na vila de A Pastoriza⁸. Un cruceiro nos lindes entre concellos⁹. Un cristo no interior dun cemiterio¹⁰. E catro cristos, un cruceiro, e dúas cruces ao carón do antigo camiño real a Mondoñedo¹¹.

2. A PROPIEDADE.

2.1. PÚBLICA.

Cristo de Luxilde (Bretoña). Cristo do Foxo (Bretoña) (**FOTO 1**). Cristo do Centro de Saúde (Bretoña) (**FOTO 2**). Cristo de Afoz (Bretoña) (**FOTO 3**). Cruceiro da Praza (Bretoña) (**FOTO 4**). Cruceiro da Parola (Bretoña) (**FOTO 5**). Cristo da Igrexa (Cadavedo) (**FOTO 6**). Cristo do Cemiterio (Cadavedo) . Cruceiro de Fomiñá (Fomiñá) (**FOTO 7**). Cruz da igrexa (Lagoa). Cristo de Froilán (Lagoa) (**FOTO 8**). Cristo do Chivadoiro (Lagoa) (**FOTO 9**). Cristo de Amorás (Loboso). Cristo de D. Diego (Úbeda). Cristo dos Viás (Vián). Cruceiro do Campo da Festa (Pousada). Cruceiro da Igrexa (San Vicente de Reigosa. A Regueira). Cruceiro da Igrexa (Vián) (**FOTO 10**).

6 Cristos de Luxilde (Bretoña), de Caaveira (Bretoña), de Afoz (Bretoña), do Alto das Fontelas (Cadavedo), das Antigas (Corvelte), de Froilán (Lagoa), do Chivadoiro (Lagoa), de Xan Paz (Lagoa), de Andrés (Santiago de Reigosa), de Rigueiro (Santiago de Reigosa) e de Cervelo (A Regueira); cruceiros do Pontigo (Aguarda), de Xirómeno (Corvelte), da Veiga do Crego (Pousada), da “Casa de Sergio de Maneche” (Santiago de Reigosa), de Carballo (Santiago de Reigosa), da Castiñeira (A Regueira), da “Casa do Couto” (S. Vicente de Reigosa), do Carrizal (A Regueira) e do Venanciño (Vián). Cruz da Fonte (Baltar). Cruz de Trasagüeiro (Corvelte). Cruz do Canedo (Pousada).

7 Cristo do Centro de Saúde e o cruceiro da Praza.

8 Cruceiro de Gutiérrez. Cruz dos Veciños de A Pastoriza.

9 Cruceiro do Fiouco (Cadavedo).

10 Cristo do Cemiterio (Cadavedo).

11 Cristos do Foxo (Bretoña), de Caaveira (Bretoña), do Romeiro (Bretoña) e dos Viás (Vián); cruceiro de Pirís (Lagoa). Cruz de Trasagüeiro (Corvelte). Cruz de Aloxo (Corvelte)

2.2. PRIVADA.

Cruceiro do Pontigo (Aguarda) (**FOTO 11**). **Adriano Legaspi**. Cruz da Veiga de Magarín (Álvare). “**Casa do Rego**”. Cruz Fonte (Baltar). “**Casa do Ferreiro**”. Cristo de Luxilde (Bretoña). “**Casa de Recharte**”. Cristo de Caaveira (Bretoña). “**Casa de Valiña**”. Cristo de Arandal (Bretoña). “**Casa de Arandal” (FOTO 12)** . Cruz de ferro (Bretoña). “**Casa do Queixo” de Fontao**. Cristo do Alto das Fontelas (Cadavedo). **Familia Cabaneiro**. Cruceiro do Fiouco (Cadavedo). “**Casa de Ledo” de Argomoso e a “Casa de Campo” (Cadavedo) (FOTO 13)** . Cruz de Trasagüeiro (Corville). **Consuelo Montes e os seus fillos (FOTO 14)** . Cruz de Aloxo (Corville). **José Corral “Casa de Aloxo”**. Cristo das Antigas (Corville). **José Corral “Casa de Aloxo” (FOTO 15)** . Cruceiro de Xirómeno (Corville). **José Díaz Braña “Casa de Xirómeno”** . Cristo da “Casa de Currás” (Lagoa). **Valentín Rivas (“Casa de Currás”)**. Cristo de Xan Paz (Lagoa). **Herdeiros de Froilán e de Carmen**. Cruz de Dadolo (Lagoa). “**Casa de Dadolo**”. Cristo de Regueiro (Lagoa). “**Casa de Regueiro” de Abelaira**. Cristo de Gómez (Lagoa). “**Casa de Gómez**”. Cruceiro de Cándido (Lagoa). “**Casa de Cándido**”. Cruceiro de Piris (Lagoa). **Celso Franco López; Ricardo Franco; e Belarmino Franco Cornide (FOTO 16)**. Cruz dos Veciños de A Pastoriza (A Pastoriza). “**Casa de Gutiérrez**”. Cruceiro de Gutiérrez (A Pastoriza). “**Casa de Gutiérrez” (FOTO 17)** . Cruceiro de Vilagromar (Pousada). “**Casa de Arturo Regueiro” (FOTO 18)** . Cruceiro do Vilar (Pousada). “**Casa de Antonio Barreiro” (FOTO 19)** . Cruceiro da Veiga do Crego (Pousada). “**Casa do Campo de Portela” (FOTO 20)** . Cruz do Canedo (Pousada) “**Casa do Canedo**”. Cruceiro da “Casa de Sergio de Maneche” (Santiago de Reigosa). “**Casa de Sergio de Maneche**”. Cristo de Andrés (Santiago de Reigosa). “**Casa de Anuncia” (FOTO 21)**. Cruceiro de Carballo (Santiago de Reigosa). “**Casa de Carballo” (FOTO 22)** . Cristo de Regueiro de Maneche (Santiago de Reigosa). **José Regueiro**. Cristo de Marquide (San Vicente de Reigosa. A Regueira). “**Casa do Garrido” (FOTO 23)**. Cruceiro da Castiñeira (San Vicente de Reigosa). **Pedro e Ana López García**. Cruceiro de Teixeiro (San Vicente de Reigosa). “**Casa de Teixeiro” (FOTO 24)** . Cristo de Cervelo (San Vicente de Reigosa). “**Casa de Paulino de Batarello”**. Cruceiro da “Casa do Couto”. (San Vicente de Reigosa). “**Casa do Couto” (FOTO 25)** . Cruceiro do Carrizal (San Vicente de Reigosa). **Jesús Carrizal**. Cristo de María (Úbeda). “**Casa de Sisenando Luaces”**.

Cruceiro do Caxigo (Vián) (**FOTO 26**). Nos seus inicios “Casa de Pedreira”. Cruceiro de Venanciño. “Casa de Venanciño” (**FOTO 27**). Cruz de Freixide (Vián). “Casa de Joseíto de Peruxo”.

3. A CONSERVACIÓN.

Con relación a súa conservación encontramos nove cristas e once cruceiros, que teñen algúns elementos artísticos ou máis deteriorados¹².

4. OS ELEMENTOS ARTÍSTICOS DO CRUCEIRO.

O cruceiro amosa, con respecto a súa composición, os seguintes elementos: a plataforma, a base, o fuste ou varal, o capitel e a cruz.

4.1. A PLATAFORMA.

A plataforma amosa un plinto en *oito cristas, dous cruceiros e catro cruces*¹³. Un chanzo en *sete cristas e en dous cruceiros*¹⁴. Dous en *tres cruceiros*¹⁵. Tres en nove cruceiros¹⁶. E catro

12 Cristos de Luxilde (Bretoña), do Romeiro (Bretoña), de Afoz (Bretoña), das Antigas (Corvelle), do Chivadoiro (Lagoa), de Xan Paz (Lagoa), de Rigueiro (Lagoa), de María (Úbeda) e de D. Diego (Úbeda); cruceiros do Pontigo (Aguarda), da Parola (Bretoña), do Fiouco (Cadavedo), de Xirómeno (Corvelle), de Pirís (Lagoa), do Vilar (Pousada), da Veiga do Crego (Pousada), da Castiñeira (S. Vicente de Reigosa), do Carrizal (S. Vicente de Reigosa), da Igrexa (Vián) e do Caxigo (Vián).

13 Cristos do Arandal (Bretoña), do Centro de Saúde (Bretoña), de Afoz (Bretoña), da igrexa (Cadavedo), das Antigas (Corvelle), de Xan Paz (Lagoa), de Marquide (A Regueira), de D. Diego (Úbeda). Cruceiros de Teixeiro (A Regueira) e do Carrizal (A Regueira). Cruces de Trasagüeiro (Corvelle), de Dadolo (Lagoa), dos Veciños da Pastoriza (A Pastoriza), do Canedo (Pousada).

14 Cristos dos Foxo (Bretoña), de Caaveira (Bretoña), de Afoz (Bretoña), das Antigas (Corvelle), de Froilán (Lagoa), de Gómez (Lagoa) e da Igrexa (Vián); cruceiros de Xirómeno (Corvelle) e de Fomiñá (Fomiñá).

no **cruceiro da Veiga do Crego (Pousada)**. Tamén hai **seis cristas e dous cruceiros** que non posúen plataforma¹⁷.

4.2. A BASE.

4.2.1. MODALIDADES DA BASE.

- * Unha base cúbica cunha moldura cóncava nas arestas superiores no cruceiro de **Fomiñá (Fomiñá)**.
- * Unha base monolítica de forma troncopiramidal en **seis cristas e un cruceiro**¹⁸.
- * Unha base monolítica de forma troncopiramidale coas arestas superiores redondeadas en **dous cristas e catro cruceiros**¹⁹.
- * Unha base paralelepípeda na **cruz da fonte (Baltar), e na cruz de ferro (Bretoña)**.
- * Unha base composta de dous elementos: o inferior de forma paralelepípeda e o superior cunha moldura en caveto cos bordos superiores redondeados e un pequeno filete rematando o conxunto no **cruceiro de Pirís (Lagoa)**.
- * Unha base de dous tramos: o inferior de forma paralelepípeda e o superior cunha moldura en caveto no **cruceiro do adro da igrexa (San Vicente de Reigosa), e nas**

15 Cruceiros da Igrexa (S. Vicente de Reigosa. A Regueira), de Teixeiro (S. Vicente de Reigosa) e do Venanciño (Vián).

16 Cruceiros do Pontigo (Aguarda), da Praza (Bretoña), de Pirís (Lagoa), de Gutiérrez (A Pastoriza), de Vilagromar (Pousada), do Vilar (Pousada), de Carballo (Santiago de Reigosa), da “Casa do Couto” (S. Vicente de Reigosa) e da Igrexa (Vián).

17 Cristos de Luxilde (Bretoña), do Alto das Fontelas (Cadavedo), do Cemiterio (Cadavedo), da “Casa de Currás” (Lagoa), de Rigueiro (Lagoa) e de Andrés (Santiago de Reigosa); cruceiros do Fiouco (Cadavedo) e do Campo da Festa (Pousada).

18 Cristos do Centro de Saúde (Bretoña), das Antigas (Corvelte), do Chivadoiro (Lagoa), de Rigueiro (Lagoa), de Andrés (Santiago de Reigosa), de Cervelo (S. Vicente de Reigosa); cruceiro da Veiga do Crego (Pousada).

19 Cristos de Marquide (S. Vicente de Reigosa) e dos Viás (Vián); cruceiros do Fiouco (Cadavedo), do Cándido (Lagoa), da “Casa do Couto” (S. Vicente de Reigosa), do Carrizal (S. Vicente de Reigosa).

cruces de Trasagüeiro (Corvelle) (FOTO 14) ; da igrexa (Lagoa); dos Veciños de A Pastoriza (A Pastoriza).

* Unha base cun primeiro elemento paralelepípedo e un segundo troncopiramidal no cristo *de Afoz (Bretoña) e nos cruceiros do Pontigo (Aguarda) (FOTO 11), de Gutiérrez (A Pastoriza) e do Vilar (Pousada)*.

* Unha base formada por dous tramos troncopiramidais de distinta inclinación no *cristo do Cemiterio (Cadavedo)*.

* Unha base de dous tramos: o inferior de forma paralelepípeda e o superior troncopiramidal coas arestas superiores redondeadas en *dous cristas, cinco cruceiros, e na cruz de Dadolo (Lagoa)*²⁰.

* Unha base irregular, tendente á troncopiramidalidade na *cruz de Freixide (Vián)*

* Unha base formada por dous elementos: o inferior, pequeno, paralelepípedo e o superior de forma troncopiramidal coas caras moi oblicuas en *cinco cristas e un cruceiro*²¹.

En relación ós elementos complementarios a base amosa un relevo ou relevos de cabezas humanas nos cristas do *Foxo (FOTO 1), de Caaveira (2) e do Arandal (FOTO 12)*, pertencentes á parroquia de Bretoña, e nos de *Xan Paz e de Rigueiro* da parroquia da Lagoa. Presenta unha inscrición en tres cristas e once cruceiros²². A inscrición normalmente fai alusión ás indulxencias concedidas polo bispo de Mondoñedo a tódalas persoas, que recen diante do cruceiro unha serie de oracións: painoso, avemaría, salve, credo etc; tamén soe mencionar ás persoas ligadas co cruceiro, así como a súa data de construción.

20 Cristos de Caaveira (Bretoña) e de Gómez (Lagoa); cruceiros da Parola (Bretoña), de Xirómeno (Corvelle), de Carballo (Santiago de Reigosa), da igrexa (Vián) e do Caxigo (Vián).

21 Cristos do Foxo (Bretoña), do Arandal (Bretoña), do Alto das Fontelas (Cadavedo), de Xan Paz (Lagoa) e da Igrexa (Vián); cruceiro de Teixeiro (S. Vicente de Reigosa. A Regueira).

22 Cristos da igrexa (Cadavedo), de Marquide (S. Vicente de Reigosa. A Regueira) e dos Viás (Vián); cruceiros do Pontigo (Aguarda), do Fiouco (Cadavedo), de Xirómeno (Corvelle), do Cándido (Lagoa), de Pirís (Lagoa), do Vilar (Pousada), de Carballo (Santiago de Reigosa), de Teixeiro (S. Vicente de Reigosa), da igrexa (Vián), do Caxigo (Vián), do Venanciño (Vián).

Como exemplos representativos de inscrición facemos referencia ás dos seguintes cristos cruceiros e cruces:

A. CRISTO DE MARQUIDE (S. VICENTE DE REIGOSA).

CARA LESTE: “*PROPIEDAD.../ DE PEDRO RIVAS/ CARBALLO /ESPOSO DE JOSEFA*”

B. CRUCEIRO DO FIOUCO (CADABEDO).

CARA NORTE: “*EL AÑO D 1891 SE HI / ZO POR MANUEL DO/ CAMPO D CADABEDO ES / TA OBRA Y POR ANTONIO /*

CARA SUR: “*QUE RECEN CON DE/ BOCION UN PADRENUES/ TRO UN CREDO O UN AC/TO DE CONTRICIÓN DELANTE/*

C. CRUCEIRO DE CARBALLO (SANTIAGO DE REIGOSA).

CARA NORTE: “*ES PROPIEDAD / D FRANCISCO NI / ETO LEDO/ AÑO D 1907/*

CARA W.: “*YLMO SR / OBISPO DE MON / DOÑEDO CONCE / DIO 40 DIAS DE YN / DULGENCIA...*

D. CRUCEIRO DA IGREXA (VIÁN). (FOTO)

CARA NW.: “*AÑO DE 1895 SE / HIZO ESTA OBRA / POR JOSE RIBAS / BAZQUEZ DE VIÁN/*

E. CRUCEIRO DO VILAR (POUSADA) (FOTO 19).

**CARA LESTE: “DEVOCIÓN / DE ANTONIO/ BAREIRO DÍAZ / FALLECIÓ/ EL AÑO
DE 1910 / Y SU ESPOSA/ CÁNDIDA RANCAÑO / AÑO DE 1910/**

F. CRUZ DOS VECIÑOS DE A PASTORIZA.

**BASE. TRAMO INFERIOR. “ RECUERDO DE BENITO LOPEZ Y DE / SU ESPOSA
ANTONIA MOURELLE / A SUS HIJOS Y AL / AYUNTAMIENTO DE PASTORIZA / AÑO
1945/**

BASE. TRAMO SUPERIOR. “AMAR A DIOS /SOBRE TODAS LAS COSAS”

4.3. O FUSTE.

4.3.1. TRAZOS XERAIS.

O fuste é monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas biseladas no resto en **once cristas e vintetres cruceiros**²³.

4.3.2. DECORACIÓN DO FUSTE.

As caras do extremo superior están decoradas polos seguintes motivos:

* Por unhas aspas²⁴.

23 Cristos do Foxo (Bretoña), de Caaveira (Bretoña), do Arandal (Bretoña), do Centro de Saúde (Bretoña), do Alto das Fontelas (Cadavedo), das Antigas (Corvelle), de Froilán (Lagoa), de Xan Paz (Lagoa), de Regueiro (Lagoa), de Amorás (Loboso), de Cervelo (S. Vicente de Reigosa); cruceiros do Pontigo (Aguarda), da Praza (Bretoña), da Parola (Bretoña), do Fiouco (Cadavedo), de Xirómeno (Corvelle), de Fomiñá (Fomiñá), do Cándido (Lagoa), de Pirís (Lagoa), de Gutiérrez (A Pastoriza), de Vilagromar (Pousada), do Campo da Festa (Pousada), do Vilar (Pousada), da Veiga do Crego (Pousada), da “Casa de Sergio de Maneche” (Santiago de Reigosa), de Carballo (Santiago de Reigosa), da Igrexa (S. Vicente de Reigosa), da Castiñeira (S. Vicente de Reigosa. A Regueira), de Teixeiro (S. Vicente de Reigosa), da “Casa do Couto” (S. Vicente de Reigosa), do Carrizal (S. Vicente de Reigosa), da Igrexa (Vián), do Caxigo (Vián) e do Venanciño (Vián).

24 Cruceiros da Parola (Bretoña), de Xirómeno (Corvelle), do Cándido (Lagoa), de Carballo (Santiago de Reigosa) e do Caxigo (Vián).

- * Por unha custodia nos cruceiros de Xirómeno (Corvelte) e da Veiga do Crego (Pousada). (**FOTO 28**).
- * Por unhas rosetas no *cruceiro da Igrexa (Vián)* (**FOTO 10**).
- * Por unhas svásticas no *cruceiro de Pirís (Lagoa)* (**FOTO 16**).
- * Por uns roeis e rombos ²⁵ (**FOTO**) (**FOTO 18**).

O resto do fuste está ornamentado en **dazanove cruceiros** polos instrumentos da paixón en relevo. A súa colocación nunha orde descendente é variable segundo facemos constar a continuación.

*** *Cruceiro do Pontigo (A Guarda)*.**

Dous cravos, un cravo, unha espada, unhas tenaces, un martelo e unha escaleira de oito banzos.

*** *Cruceiro da Praza (Bretoña)*.**

Unha escaleira de catro banzos, un martelo, unhas tenaces, un cravo e unha lanza.

*** *Cruceiro da Parola (Bretoña) (FOTO 5)*.**

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

*** *Cruceiro do Fiouco (Cadavedo)*.**

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces e unha escaleira de oito banzos.

*** *Cruceiro de Xirómeno (Corvelte)* .**

Un martelo, tres cravos, unha espada, unhas tenaces e unha escaleira de sete banzos.

*** *Cruceiro do Cándido (Lagoa)*.**

Tres cravos, un martelo e unhas tenaces.

25 Cruceiros do Pontigo (Aguarda), da Parola (Bretoña), do Fiouco (Cadavedo), de Xirómeno (Corvelte), do Cándido (Lagoa), de Gutiérrez (A Pastoriza), de Vilagromar (Pousada), do Vilar (Pousada), da Veiga do Crego (Pousada), de Carballo (Santiago de Reigosa), da Castiñeira (S. Vicente de Reigosa), da “Casa do Couto” (S. Vicente de Reigosa), do Carrizal (S. Vicente de Reigosa) e do Caxigo (Vián).

*** Cruceiro de Pirís (Lagoa) (FOTO 16).**

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de once banzos.

*** Cruceiro de Gutiérrez (A Pastoriza) (FOTO 17).**

Unha espada, un martelo, unhas tenaces e unha escaleira de oito banzos.

*** Cruceiro de Vilagromar (Pousada).**

Tres cravos, unha espada, un martelo, unhas tenaces e unha escaleira de oito banzos.

*** Cruceiro do Vilar (Pousada).**

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de sete banzos.

*** Cruceiro da Veiga do Crego (Pousada).**

Dous cravos, un cravo, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de nove banzos.

*** Cruceiro de Carballo (Santiago de Reigosa).**

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de nove banzos.

*** Cruceiro da Castiñeira (S. Vicente de Reigosa. A Regueira).**

Tres cravos, unha espada, un martelo, unhas tenaces e unha escaleira de nove banzos.

*** Cruceiro de Teixeiro (S. Vicente de Reigosa. A Regueira).**

Dous cravos, unhas tenaces, un martelo e unha escaleira de dez banzos.

*** Cruceiro da “Casa do Couto” (S. Vicente de Reigosa. A Regueira) (FOTO).**

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

*** Cruceiro do Carrizal (S. Vicente de Reigosa. A Regueira).**

Dous cravos, un cravo, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de nove banzos.

* ***Cruceiro da Igrexa (Vián) (FOTO 10).***

Tres cravos, un martelo, unhas tenazas, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

* ***Cruceiro do Caxigo (Vián) (FOTO 26).***

Tres cravos, unhas tenaces, un martelo, unha espada e unha escaleira de nove banzos.

* ***Cruceiro de Venanciño (Vián).***

Tres cravos, unhas tenaces, un martelo, unha escaleira de nove banzos e unha espada.

4.4. O CAPITEL.

4.4.1. FORMAS VARIADAS.

* Capitel de forma paralelepípeda en ***dez cristas***²⁶.

* Capitel de forma troncopiramidal invertida en ***vintedous cruceiros***²⁷.

* Capitel con ábaco no Cristo de Froilán (Lagoa) e nos ***cruceiros de Fomiñá (Fomiñá) (FOTO 7), do Campo da Festa (Pousada) e no da Igrexa (A Regueira).***

* Finalmente hai capiteis moldurados nun cristo e en sete cruceiros²⁸.

4.4.2. ORNAMENTACIÓN DO CAPITEL.

26 Cristos do Foxo (Bretoña), de Caaveira (Bretoña), do Arandal (Bretoña), do Centro de Saúde (Bretoña), do Alto das Fontelas (Cadavedo), das Antigas (Corvelte), de Froilán (Lagoa), de Xan Paz (Lagoa), de Amorás (Loboso) e de Cervelo (S. Vicente de Reigosa. A Regueira).

27 Cruceiros de Pontigo (Aguarda), da Praza (Bretoña), da Parola (Bretoña), do Fiouco (Cadavedo), de Xirómeno (Corvelte), de Fomiñá (Fomiñá), do Cándido (Lagoa), de Pirís (Lagoa), de Gutiérrez (A Pastoriza), de Vilagromar (Pousada), do Campo da Festa (Pousada), do Vilar (Pousada), da Veiga do Crego (Pousada), da “Casa de Sergio de Maneche”(Santiago de Reigosa), de Carballo (Santiago de Reigosa), da Castiñeira (S. Vicente de Reigosa), de Teixeiro (S. Vicente de Reigosa), da “Casa do Couto” (S. Vicente de Reigosa), do Carrizal (S. Vicente de Reigosa), da Igrexa (Vián), do Caxigo (Vián) e do Venanciño (Vián).

Con respecto á decoración este elemento artístico amosa diferentes temas:

- * Follas de acanto nos *cruceiros de Fomiñá (Fomiñá) (FOTO 7)* e *do Campo da Festa (Pousada)*.
- * Merlóns nos *cruceiros do Pontigo (Aguarda), de Vilagromar (Pousada)* (FOTO 29) *e do Vilar (Pousada)*.
- * Un colariño no *cruceiro da Praza (Bretoña)* (FOTO 4) .
- * Querubíns e volutas en *dazanove cruceiros* ²⁹ (FOTO 30).

4.5. A CRUZ.

4.5.1. TRAZOS XERAIS.

A cruz presenta unha sección cuadrangular nos seus extremos a as arestas rebaixadas no resto *en vintecatro cristas e vintetres cruceiros* ³⁰.

28 Cristo de Froilán (Lagoa); cruceiros de Fomiñá (Fomiñá), de Gutiérrez (A Pastoriza), de Vilagromar (Pousada), do Vilar (Pousada), da Igrexa (S. Vicente de Reigosa), da Castiñeira (S. Vicente de Reigosa) e de Teixeiro (S. Vicente de Reigosa. A Regueira).

29 Cruceiros do Pontigo (Aguarda), da Praza (Bretoña), da Parola (Bretoña), do Fiouco (Cadavedo), de Xirómeno (Corvelte), do Cándido (Lagoa), de Pirís (Lagoa), de Gutiérrez (A Pastoriza), de Vilagromar (Pousada), do Vilar (Pousada), da Veiga do Crego (Pousada), da “Casa de Sergio de Maneche” (Santiago de Reigosa), de Carballo (Santiago de Reigosa), da Castiñeira (S. Vicente de Reigosa), da “Casa do Couto” (S. Vicente de Reigosa), do Carrizal (S. Vicente de Reigosa. A Regueira), da Igrexa (Vián), do Caxigo (Vián) e do Venanciño (Vián).

30 Cristo do Foxo (Bretoña), de Caaveira (Bretoña), do Arandal (Bretoña), do Romeiro (Bretoña), do Centro de Saúde (Bretoña), de Afoz (Bretoña), do Alto das Fontelas (Cadavedo), da Igrexa (Cadavedo), do Cemiterio (Cadavedo), das Antigas (Corvelte), de Froilán (Lagoa), do Chivadoiro (Lagoa), da “Casa de Currás” (Lagoa), de Xan Paz (Lagoa), de Rigueiro (Lagoa), de Gómez (Lagoa), de Amorás (Loboso), do Salvador (Pousada), de Andrés (Santiago de Reigosa), de Rigueiro de Maneche (Santiago de Reigosa), de Cervelo (S. Vicente de Reigosa. A Regueira), de D. Diego (Úbeda), dos Vías (Vián) e da Igrexa (Vián); cruceiros do Pontigo (Aguarda), da Praza (Bretoña), da Parola (Bretoña), do Fiouco (Cadavedo), de Xirómeno (Corvelte), de Fomiñá (Fomiñá), do Cándido (Lagoa), de Pirís (Lagoa), de Gutiérrez (A Pastoriza), de Vilagromar (Pousada), do Campo da Festa (Pousada), do Vilar (Pousada), da Veiga do Crego (Pousada), da “Casa de Sergio de Maneche” (Santiago de Reigosa), de Carballo (Santiago de Reigosa), da Igrexa (S. Vicente de Reigosa), da Castiñeira (S. Vicente de Reigosa), de Teixeiro (S. Vicente de Reigosa), da “Casa do Couto” (S. Vicente de Reigosa), do Carrizal (S. Vicente de Reigosa. A Regueira), da Igrexa (Vián), do Caxigo (Vián) e do Venanciño (Vián).

4.5.2. REMATES DA CRUZ.

En relación ós remates amosan unha cruz florenzada en **vintedous cristas e outros tantos cruceiros**³¹.

4.5.3. ORNAMENTACIÓN DA CRUZ.

